

Praza número: 25/27004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 616G01003 Fundamentos Tecnolóxicos dos Medios Audiovisuais

614G01002 Informática Básica

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Tal e como se indica na normativa, todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado no que se actuará conforme ao alí establecido. A este respecto, a comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

- Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE.

II.2. Calidade docente.

Só se considerarán manuais e libros docentes con ISBN.



Praza número: 25/27004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 616G01003 Fundamentos Tecnolóxicos dos Medios Audiovisuais

614G01002 Informática Básica

Centro: Facultade de Informática

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN.

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).

As publicacións científicas valoraranse en función do número de autores e a calidade e relevancia do medio de publicación. No caso de artigos publicados en revistas científicas a súa calidade estará determinada polo índice da Web of Science (Journal Citation Report). Os artigos indexados en Scopus pero non na Web of Science aplicaráselles un coeficiente multiplicador de 0,25. No caso de publicacións en actas de congreso a súa calidade estará determinada polo ranking GII-GRIN-SCIE (GGS).

Os libros e capítulos de libros so se considerarán se contan con ISBN.

III.2 Comunicacións en reunións científicas.

Cada contribución valorarase tendo en conta o número de autores, cun máximo de 0,5 puntos se é internacional e un máximo de 0,25 se é nacional.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL.

So se considerará a actividade profesional desempeñada que teña relación directa coas materias indicadas no perfil docente da mesma.

A docencia regrada non universitaria relacionada coa praza terá un coeficiente multiplicador de 0,25.

En A Coruña , a 4 de marzo do 2026

A presidencia da comisión